

A PRAIA É FANTÁSTICA

Este verán volvemos á praia polas vacacións. A praia é fantástica! Na praia pasámolo moi ben. Fixen un monte de amigos, está Marcelo e Domingo e Manolo, que é parvo, el! E Nacho e Félix e Carlos e tamén Xan, que non está de vacacións porque é de alá, e xogamos xuntos, discutimos, non nos falamos máis e é moi, moi divertido.

–Vai xogar cos teus amiguiños–díxome papá esta mañá–. Eu vou descansar e tomar o sol.

E comezou a pórse crema por todo lado e ría dicindo:

–Ah!, cando penso nos compañeiros que quedaron na oficina...!

Nós comezamos a xogar coa pelota de Nacho.

–Ide xogar máis lonxe–dixo papá, que acabara de untarse e, bing!, a pelota caeu sobre a cabeza de papá.

Iso non lle gustou nada. Enfadouse moito, meteulle unha patada á pelota, que foi parar á auga, moi lonxe. Un xute terrible.

–Xa é suficiente! –dixo papá.

Nacho, o propietario da pelota, foi correndo co seu pai. É altísimo e gordísimo, o pai de Nacho... e tiña unha cara de anoxado...

–É este! –dixo Nacho sinalando a papá co dedo.

–Foi vostede–díxolle o papá de Nacho ao meu papá– quen lanzou a pelota do neno á auga?

–Ben, si–contestoulle papá ao papá de Nacho–, pero esa pelota recibina na cara.

–Os nenos están na praia para se distraer–dixo o papá de Nacho–; se isto non lle gusta, quede na casa. Entretanto, esa pelota, hai que ir buscala.

–Non fagas caso–díxolle mamá a papá. Mais papá preferiu facer caso.

–Ben, ben–dixo–, e vou buscar esa famosa pelota.

Papá tardou moito tempo en ir buscar a pelota, que o vento puxera moi lonxe. Tiña cara de cansazo, papá, cando lle devolveu a pelota a Nacho e díxonos:

–Escoitade, nenos, eu quero reposar tranquilo. Entón, en lugar de xogar ao balón, porque non xogades a outra cousa? Non sei... Facede buracos, é moi divertido facer buratos na area.

Nós achamos que era unha idea máis fabulosa que xogar á pelota e collemos as pas. Papá intentou untarse outra vez, pero non puido, porque non quedaba crema na botella.

–Vou comprar máis á tenda, ao final do paseo–dixo papá, e mamá preguntoulle por que non quedaba un pouco tranquilo.

Comezamos a facer un buraco. Un burato fantástico, gordo e tan profundo como un pozo! Cando papá volveu coa botella de crema, chameino e díxenlle:

–Viches o noso buraco, papá?

–É moi bonito, cariño–dixo papá, e intentou destapar a botella de crema cos dentes.

Despois veu un señor cun chapeu branco e preguntounos quen nos dera permiso para facer aquel buraco na praia.



1. O pai de Nicolás dille aos nenos que deixen de xogar coa pelota e que xoguen a facer buratos. Por que che parece que o fai?

- A Porque acha que os nenos o pasarán mellor facendo buracos.
- B Porque o pai de Nacho llo di.
- C Porque quere estar tranquilo e non recibir outro golpe de pelota nin ir buscar a pelota outra vez.
- D Porque cre que a pelota é perigosa.

2. Indica que xesto do pai se podería considerar unha comunicación on verbal:

- A Pon crema por todo lado.
- B Dálle unha patada á pelota.
- C Di: “Xa é suficiente!”.
- D Intenta destapar a botella de crema cos dentes.

3. Busca na lectura unha palabra de cada e xustifica por que se acentúa ou non:

aguda con acento

aguda sen acento

grave con acento

grave sen acento

esdrúxula

4. Completa a táboa coas formas das palabras do texto que faltan:

Masculino singular	Masculino plural	Feminino singular	Feminino plural
.....	compañeiros
.....	amigos
Propietario
Papá

5. Identifica o suxeito e o predicado das seguintes oracións:

- Marina toca o violín.
- Sergio e José van ao mesmo colexio.
- Eu non vou a ir ao aniversario de Luisa.
- A nai de Antonio cociña moi ben
- O verán é moi caloro

6. Busca na lectura dous artigos, dous demostrativos e dúas contraccións

1)

2)

3)

7. Volve ler a lectura, busca un adxectivo en cada grao e escríbeos:

Positivo

Comparativo de igualdade

Comparativo de superioridade

Superlativo

8. Marca a afirmación sobre os signos de puntuación do texto que non sexa verdadeira:

- A Os guións do textos serven para introducir as frases de diálogo dos personaxes.
- B No texto non hai puntos suspensivos que indiquen unha enumeración inacabada.
- C No texto non hai comiñas.

9. Marca a afirmación sobre a formación de palabras que non sexa verdadeira:

- A O substantivo *parvada* está formado a partir do adxectivo *parvo*.
- B O adxectivo *cremoso* está formado a partir do substantivo *crema*.
- C O substantivo *cansazo* está formado a partir do adxectivo *cansado*.
- D O substantivo *brancura* está formado a partir do adxectivo *branco*.